

---

## ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE SE LEVE ADIANTE O REBAIXE DE BEIRRÚAS NO ENTORNO DO CEIP RAMÓN CABANILLAS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta o seguinte ROGO ao Pleno da Corporación

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No consello escolar do CEIP Ramón Cabanillas trasladouse ao grupo municipal de Compostela Aberta unha problemática coas beirarrúas da entrada ao centro educativo e ao acceso ao aparcamento do persoal que traballa no centro, na rúa de José Antonio Souto Paz. As esquinas dos bordos das beirarrúas presentan unha superficie afilada que ten ocasionado estragos nas rodas dos vehículos.

Solicitan que se realicen actuacións coma a realizada o outono pasado en rúas lindantes coma a de Manuel Vázquez Cacharrón, onde tivo lugar un arranxo, con rebaixe e modificación dos bordos das beirarrúas.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal de Compostela Aberta **SOLICITA**:

- **Que se escoite esta petición da comunidade educativa do CEIP do Ramón Cabanillas e se realicen as actuacións solicitadas na beirarrúa de José Antonio Souto Paz.**

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2022



María Rozas Pérez



Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO